

No niño novo do vento

Cen anos con Álvaro Cunqueiro

1911-2011

Cen anos, dez veces a xuventude das sireas
Cada home é unha data e cada data unha paisaxe diferente e extraordinaria

Comisarios

María Liñeira
Víctor F. Freixanes

Coa colaboración de

Dolores Vilavedra
Francisco Domínguez

Coordinación xeral

Xosé M. Soutullo

Coordinación técnica

Teresa Rodríguez

Equipo editorial

Xesús Domínguez
Hayat Husein
Alba Pernas

Deseño

Imago Mundi

Escenografía

Rodrigo Roel

Manequíns

Centro Dramático Galego

Documentación

Xurxo Martínez
Marián Vidal
Benito Ramírez

Audiovisuais

Televisión Española
Televisión de Galicia

Punto interactivo

Zumo

Fotografías

Magar
José Suárez
Manuel G. Vicente
Tono Arias
Ksado
Arquivo Centro Dramático Galego
Santiago Pernas Salazar

Fabricación

C. de C.

Fondos

Fundación Penzol
Editorial Galaxia
Familia Cunqueiro

Agradecemento especial

César Cunqueiro

Agradecementos

Alberto Casal
Paula Casal
Concello de Mondoñedo
Concello de Ortigueira
Fundación Penzol
Centro Dramático Galego
Manuela García
Iria Belenguer Castromán
Luis Menéndez
Ouvirmos

Rosas na manga de Álvaro Cunqueiro

*Cada home é unha data e cada data
unha paisaxe diferente e extraordinaria.*

Álvaro Cunqueiro

“Cantas rosas non dará aínda o meu corazón, xa baixo terra soterrado”, preguntábase un vate persa intrigado pola posibilidade de perpetuarse a través da súa obra. Connatural ao oficio de escribir, a inquietude pola fama literaria vindeira é unha manifestación do desasosiego humano ante a certeza da mortalidade e dunha posteridade á que non asistiremos de corpo presente. A meirande parte de nós sobrevivirá mentres vivan aqueles para os que algo significamos. Outras e outros, grupo escolleito, pasarán a ser as presenzas de corpo ausente que habitan unha cultura. Co gallo do centenario do seu nacemento, na moi nobre e leal vila de Mondoñedo, e do seu trixésimo cabodano, neste 2011 festexamos a unha das máis valiosas presenzas da cultura galega: Álvaro Cunqueiro.

Na vellez o mindoniense preguntou: “¿Isto é a vida?, / [...] amosando a derradeira rosa”. El, que “dera todo agás unha rosa que soubera / meter en min, no peito de meu, no corazón” quería saber se, como afirmaba T. S. Eliot, o único que queda da vida, das rosas cando arden, é a cinza na manga dun vello. Vital e optimista, resolveu a cuestión co trunfo do cristianismo: a resurrección; e proclamou gozoso: “Nas miñas mans verei como as rosas resucitan”. Non se trabucaba Cunqueiro cando afirmaba “farto de vida” que a posteridade lle sería benévola.

Nesta exposición presentamos unha das posibles maneiras de contar da súa vida e obra; por necesidade, os anacos dunha historia. Desexamos que nas mil primaveras vindeiras o seu corazón continúe a dar rosas para que quen veña goce do seu aroma.

A auga da infancia

1

Mondoñedo, rica en pan, en augas e en latín.

Álvaro Patricio Cunqueiro Mora nace o 22 de decembro de 1911 na vila de Mondoñedo, unha das sete capitais do antigo Reino de Galicia. A nai viña dunha vella familia da terra de Miranda, onde andando os anos o escritor había de instalar a casa de Merlin. O pai, boticario, viña da vila de Cambados, no mar de Arousa.



A casa onde naceu

En 1921 a nai e os irmáns trasládanse a Lugo, onde Cunqueiro estuda o bacharelato e ten lugar o seu "grande encontro co meu país galego" a través do mapa de Galicia de Domingo Fontán, que ten nel un efecto semellante ao que terá en Adrián Solovio, protagonista de *Arredor de si* (1930), de Ramón Otero Pedrayo.



Manuel Colmeiro, *Panadeiras*, 1968-75

Para comer un pan verdadeiro e antigo, un pan eterno, hai que acudir a unha pequena cidade, como o meu Mondoñedo".




O pai



A nai

Mapa de Fontán, 1845



O que fai a un decidirse a escribir non é doado sabelo. Moi cedo decateime de que tiña un certo mundo especial do cal podía contar... A miña terra de Mondoñedo".



Alvaro

Carmen

Pepe

Carlos

Joaquín

Eran cinco irmáns: Carmen, Alvaro, Pepe, Carlos e Joaquín. A Paula, a campá da catedral, tocou nos seus nacementos. A Petra, que anunciaba as defuncións, tocou pola morte de Carlos e Joaquín, aínda nenos

“Eu nascín –entre as zocas e os lóstregos na metade da noite– corenta e sete días despois do primeiro aeroplano. Aínda colgaban do aramio da anteguerra todas as intactas maravillas inauditas”.

Poemas do si e non, 1955




Nas aulas do instituto trabou amizade con Anxel Fole (na fotografía), quen andando o tempo sería, canda el, motor da renovación da prosa galega de posguerra.



Carlos Maside. Retrato de Valle-Inclán, 1935

Cunqueiro afirmaba ser parente por parte de pai do escritor Ramón María del Valle-Inclán, ao que el gustaba de chamar "meu señor tío". Valle-Inclán dubidaba do parentesco, porén a admiración era mutua

A Fonte Vella de Mondoñedo



Un corazón novo do trinquete

Un achégase a Compostela como quen se achega ao milagre.

2

No outono de 1927, Cunqueiro chega a Santiago de Compostela para estudar Filosofía e Letras, carreira que nunca chegará a rematar. A cidade marcará o seu primeiro período de formación. Francisco Fernández del Riego comentou que “a súa



Cunqueiro visto por Carlos Maside

verdadeira Universidade viñeron ser os libros que lle emprestaban os amigos, as tertulias do café Español [e] as reunións [cos] intelectuais e artistas daquela hora”. Cunqueiro toma contacto co galeguismo e faise un nome no mundo cultural galego como poeta vangardista, asociado ao surrealismo e ao neotrobadorismo, conferenciante ocasional e colaborador en prensa.

A primeira metade dos anos trinta foi unha etapa fecunda, non en van Rafael Dieste a describiu como “un tempo de entusiasmo”. Cunqueiro participa en numerosas iniciativas culturais en Compostela e en Mondoñedo. Alí funda, xunto co poeta Aquilino Iglesia Alvariño e o debuxante Bernardo Vidarte, a Oficina Lirica do Leste Galego, que edita as revistas *Frol de Diversos*, *Galiza* e *Papel de Color*, e dirixe a editorial Un.

Proxectos da Oficina Lirica do Leste Galego



Rúa do Vilar (fotografía de Isado)

“Nos meus anos de mocidade, nunha tasca da rúa da Rainha, coa taza de ribeiro na man e o suave lentor vivaz doutras na mente, pensei máis dunha vez que podía escribir de Compostela, e dicir as súas marabillas coma ninguén”.

El pasajero en Galicia, 1989



En Santiago coñece a Luís Seoane, ilustrador dos seus poemarios da preguerra: *Mar ao norte* (Editorial Nós, 1932), *Cantiga nova que se chama riveira* (Resol, 1933), *Poemas do si e non* (Editorial Un, 1933) e *Soma de crandades* (Edicións Cuco-Rei, 1977)



As páxinas do semanario mindoniense *Vallibria* acollen os primeiros traballos dun Alvaro Cunqueiro adolescente



En 1931 Cunqueiro ingresa no Partido Galeguista e en 1936 colabora na campaña a prol do Estatuto de Autonomía. En vésperas do plebiscito escribe: “Que se me escoite hoxe falar da miña Patria, cuíos muros gardo e a cuia lei defendo como calquera. No tocante ao que unha Patria pide aos seus, ése ou non se é. Eu quero ser e... con ser, sendo, estando, cumpro a primeira das miñas obrigas galegas”

Da facilidade de Cunqueiro para as letras dá conta esta lembranza de Gonzalo Torrente Ballester:

“Unha tarde, nunha taberna, en tanto estabamos a beber e a discutir, Alvaro foise para un recuncho e, en tres ou catro horas, escribiu dunha sentada o libro. Non é que llo oise recitar, é que llo vin escribir completo”.

Cunqueiro coñeceu a Ánxel Casal, dono da Editorial Nós, na tertulia do café Español

Luis Seoane, *Parladoiro na Editorial Nós*, ca. 1930



En Compostela, Cunqueiro relaciónase con Francisco Fernández del Riego, a quen xa coñecía, por ser este orixinario de Vilanova de Lourenzá, vila próxima a Mondoñedo, e co poeta ferrolán Ricardo Carballo Calero



A guerra

3

*Deixárono nun outeiro ao pé dun ciprés
cercado de espadas iracundas.*

O alzamento dos militares en África contra a Segunda República desatou a Guerra Civil (1936-1939) e iniciou un período escuro na historia de España. Para a cultura galega significou un duro mazazo que tronzou ilusións e proxectos. Foi un tempo de confusión e de espellismos poboado de medos, represións e exilios.

A situación obriga a tomar novas posicións. Malia o escepticismo inicial, Cunqueiro pasará a engrosar a lista dos intelectuais



Vila de Ortigueira

galeguistas que colaboran co novo réxime. Este colaboracionismo extravía vellas amizades, xa que moitos outros

intelectuais son asasinados, ou se ven forzados a exiliarse, ou fican agochados no que se denominaría "exilio interior".

No outono de 1936 Cunqueiro trasládase a Ortigueira onde colabora no voceiro falanxista *Era Azul*. Ao pouco, pasa ás páxinas do incautado *El Pueblo Gallego* (Vigo). Da cidade olívica pasa á redacción de *La Voz de España* en San Sebastián e finalmente a *Vértice*, o proxecto editorial máis ambicioso de Falange.



Proclamación do estado de guerra, polo capitán Carrero, na Porta do Sol de Vigo



Cunqueiro ca. 1937



Nun primeiro momento o alzamento militar desgusta a Cunqueiro. En carta de 24-7-1936 ao seu amigo o xornalista Felipe Fernández Armesto (*Augusto Assía*) di:

Querido Armesto:
Si houbera visto vostede ao Apóstolo, iría eu a Compostela en romería e alí teríamos vagar e falaríamos. Agora por esta banda falar é cousa pouco doada e ben nobre. Entrou un tropel de voces e de armas e non hai que facerlle. Máis cando esta xente non vén de farra, senón a "resucitar el Imperio por la Contra-Reforma". Eiquí, en Lugo, temos que andar con cuidado, que o coronel gobernador citou nunha proclama a Dante".

Tras unha tateante adhesión, a pluma fácil de Álvaro Cunqueiro aparece entregada á retórica dos novos amos e o mindoniense, ata agora monolingüe en galego, comeza a escribir en castelán



O tema da Degolación dos Inocentes (na imaxe, frescos alusivos da catedral de Mondoñedo) obsesionou a Cunqueiro, quen tras desdicirse dos anos de servitude franquista, falou da "horrible eternidade da violencia, da inutilidade da violencia. De todos os poderes que o home exerce, é o máis inútil, torpe e sen futuro"

Falangistas polas rúas de Vigo. Arquivo Pacheco

A cidade triunfal

Esa música que ouces, cidade, é un reloxo de cobras negras.

4

Tras a fin da guerra, Cunqueiro incorpórase á redacción de ABC nun Madrid en ruínas. Durante anos traballa arreo, recolle éxitos e frecuenta a sociedade literaria madrileña.



ABC (1-IV-1939)



ABC (4-XII-1940)

A situación de Cunqueiro dentro das institucións do réxime deteriorouse progresivamente e entre 1943 e 1944

retiráronlle os carnés de Falange e de xornalista. Nos seguintes anos sobreviviu escribindo onde podía, ás veces baixo pseudónimo, e dando clases particulares.




En Madrid, na época da súa colaboración en ABC

As historias que se contan de Cunqueiro en Madrid falan das súas saudades de Mondoñedo. Se cadra ben puido dicir o que Ulises: "Moitas veces eu teño nostalgia do meu país"



Colaborou en dúas de cabeceiras e nalgúñas, como *Santo y Seña*, tivo responsabilidades directivas

Neses anos alimentou a súa paixón polo teatro e en 1940 traduciu unha peza de Emmet Lavery, *The First Legion*, que tivo grande éxito na versión cinematográfica de Douglas Sirk



Portada de *Balada de las damas del tiempo pasado* (1945)

No libro *San Gonzalo* (1945), Cunqueiro plaxia un fragmento d'*A romaría de Xelmírez* (1934), do seu admirado mestre Ramón Otero Pedrayo

En decembro de 1940 contraeu matrimonio con Elvira González Seco e escribiulle a un amigo pedíndolle que axilizase uns trámites porque "sen pasaporte non podo ir a Portugal. Se non vou a Portugal non poderei levar a miña noiva a Coimbra. Se non a levo a Coimbra non poderei facerlle o amor baixo as amendoelas". En 1941 naceu o seu fillo César e en 1944 Alvaro



Coimbra



Volver polos vellos camiños

Todo regreso dun home a Itaca é outra creación do mundo.

5

En 1947 Cunqueiro abandona Madrid con destino a Mondoñedo. A pesar de que non lamenta deixar tras de si unha truncada carreira como xornalista do réxime, o regreso está tinxido de tristeza: a súa situación económica é precaria e o seu matrimonio atravesará unha crise irreversible. Durante anos atoparase "canso, soio, triste, á nugalla". Mais, andando o tempo, volverá escribir e retomará o contacto cos amigos de antes da guerra.

Nesta segunda etapa mindoniense, que se estende ata 1961, ano en que se traslada a Vigo para traballar como colaborador fixo en *Faro de Vigo*, publicará moitas das súas páxinas literarias en galego.



Primeira colaboración de Cunqueiro en *Faro de Vigo*



Cunqueiro paseando polas ruelas de Mondoñedo



Cos seus fillos, César e Álvaro, nas feiras das San Lucas, 1950

LA NOCHE
SUPLEMENTO DEL SABADO

A finais dos anos corenta retoma as colaboracións na prensa galega



Francisco Fernández del Riego, amigo da infancia e mocidade, será un fachuco de luz no exilio mindoniense e o cicerone que o acompañará no regreso ao galeguismo e á literatura en galego.



Tras un longo período sen escribir en galego, en 1950 ve a luz o poemario *Dona do corpo delgado*

Nestes anos autoedita pequenas xolias bibliográficas para distribuír entre os amigos

“Cando volto a ti, a dozura da terra vaime vindo como un can silenzoso que lambeira o meu peito”.

Terra de Miranda

Endexamaís souben pintar outra cousa que este reino no que nacín.

6


A terra de Miranda, de onde procedía súa nai, e o veciño bosque de Silva, foron pano de fondo das súas novelas, especialmente de *Merlín e familia* i *outras historias* (1955) e *As crónicas do sochantre* (1956).



Nunha carta a Fernández del Riego asinada en 1950, Cunqueiro refírese a un proxecto de "historias fantásticas" e asegúralle: "Encantaravos. Eu mesmo gozo lendo nil". Non se trabucaba. En 1955 a Editorial Galaxia revoluciona o panorama da prosa galega de posguerra coa publicación de *Merlín e familia* i *outras historias*.



Merlín e familia é un texto clave no conxunto da obra cunqueiriana: é a súa primeira novela en galego e un dos seus proxectos máis demorados e queridos. De feito, un dos seus personaxes principais, Felipe de Amancia, paxe do señor Merlín, xa aparecera como barqueiro adulto en *El caballero, la muerte y el diablo* y otras dos o tres historias (1945)



“Polos camiños de Bretaña vai a danza macabra empuxando ventos”.
Quen di Bretaña, di Galicia.

En 1956 Cunqueiro publica *As crónicas do sochantre*, unha obra "na liña da gran novela do XIX"



Traducida ao castelán por Fernández del Riego, a novela recibe o Premio Nacional de Narrativa en 1959



Caricatura de Javier Vázquez Sánchez-Puga tirada de *Jardín escondido* y otros cuentos (2007), de Alvaro Cunqueiro e Alberto Casal



A palabra que nos salva. O poeta

Temos a verba, amor,
para dicir: abril.

7

A poesía ocupou un lugar especial no corazón de Cunqueiro. Nos anos trinta foi poeta vangardista e publicou tres libros baixo a influencia do surrealismo, o neopopularismo e o neotrobadorismo. Estaba considerado o mellor poeta da súa xeración.

Tras 1936, o xornalista e o prosista relegan o poeta a un segundo plano. Malia que nunca deixou de escribir poesía, publicou con pouca regularidade: nos seus textos non seguía a moda social-realista do momento.



Aquilino Iglesia Alvariño



Fragmento autógrafo de Cunqueiro




Luis Pimentel


Na fanada escolma de poesía galega que proxectaba Xosé Filgueira Valverde en 1935, Cunqueiro quería ir ao lado de Aquilino Iglesia Alvariño e Luis Pimentel

“De non ser por Pimentel, quizais nunca tería publicado unha liña”.

Debuxo de Álvaro Cunqueiro enviado a Luis Seoane (1936)



Cunqueiro foi asiduo tradutor de poesía e o poeta alemán Hölderlin foi un dos seus predilectos



En 1981, coa publicación do volume de poesía da *Obra completa* en galego, a literatura galega redescobre o poeta. O libro, que inclúe os poemarios da preguerra e o seu novo libro en décadas, *Herba aquí e acolá*, converterase en referente para as xeracións vindeiras: o momento do culturalismo chegara

O disface de xornalista

Que se sabe do mundo, senón a maravilla?

8

Sendo rapaz, Cunqueiro encetou a creación da que sería a súa obra magna: o seu corpus xornalístico, milleiros de artigos que, en palabras de Xosé Filgueira Valverde, conforman “unha historia da cultura”.



Como escritor nos xornais, prestoulle a súa pluma a máis de cen cabeceiras. Como escritor disfrazado de xornalista, foi heterodoxo e tivo unha opinión ambivalente cara ao xornalismo de mesa. Aseguraba que lle gustaba pero que era imposible “ser xornalista en exercicio e escribir”. Se cadra, para compensar, sempre tivo “a tendencia de transformar a noticia máis urxente en literatura”.

A súa andaina como xornalista de redacción culminou na dirección de *Faro de Vigo* entre 1965 e 1970.




Cunqueiro escribiu baixo pseudónimo por mor das circunstancias políticas e por razóns literarias

“As cousas todas, ademais do seu rostro, a face, teñen unha cara secreta, o envés, que ás veces é a máis significativa”.



Cunqueiro foi asiduo colaborador radiofónico



En 1969 publicouse o primeiro dos moitos volumes que recollen os seus artigos xornalísticos

Xente de aquí e de acolá

Vou eu e ousa furar no galego deica dar con aquestas leiras segredas.

9

Cunqueiro foi curioso dos elementos que constitúen a armazón da galegitude. En artigos xornalísticos e varios libros de relatos, explorou “o segredo do ser galego”, isto é, “as súas varas de medir o mundo, as voltas do seu maxín, as reviravoltas dos seus sonhos e devezos, a súa calidade intelectual, o gusto da sorpresa, a ironía que fai dun home, nun intre dado, un señor rei, e a humildade, e a sabrosura da preguiza, o adoeecer do que non hai, e o morrer soio coa súa teima, e deixala en herdo, coma un tesouro inatopable”.



Fotografía: José Suárez

“O galego é supersticioso e cre, como o grego, que un rito cumprido exactamente é obrigatoriamente eficaz. De aí que crea no milagre, e visite os santos taumaturgos en romerías... Pero ao mesmo tempo é escéptico e irónico, e a mestura dá un tipo intelectual moi característico, preguiceiro, soñador”.



De entre os tipos galegos, sentiu especial fascinación polos cegos que cantaban nas romerías. Para o cego de Viloielle versificou dúcias de crimes que acadaron grandes éxitos



A humanidade galega reúnese nas feiras. Falando das propias de Mondonedo, Cunqueiro afirmou: “Para min acudir ás San Lucas é como facer unha peregrinación”

Tesouros novos e vellos

Cando o cometa pasa, os tesouros enterrados tremen e descóbreense.

10

Para imaxinar e atopar tesouros é requisito fundamental ter fe. Como home crente que era, Cunqueiro cría no misterio relixioso e máxico, máis aínda, cría nos mitos. Seguindo a Vicente Risco, aseguraba que para comprender os mitos había que posuír “unha especie de fe clara, capaz de obrigar ao corazón e á mente do home a realizar determinadas accións, determinados ritos”. De entre estes, cativárono especialmente os da caza de tesouros, comúns nas terras galaicas.

Cunqueiro era afeccionado ao tarot e aos horóscopos. Na súa etapa de director de *Faro Deportivo* botáballes as cartas aos equipos de fútbol galegos



Malia o importante papel que xogou na literatura galega de posguerra, o seu nomeamento como membro da Real Academia Galega chegou relativamente tarde: o 23 de abril de 1961. Pasados dous anos, en 1963, fíxose efectivo coa lectura do seu discurso de ingreso, *Tesouros novos e vellos*, un tratado dos tesouros galaicos



O libro de san Cibrán, *O Ciprianillo*, é unha das máis famosas guías de tesouros agochados



En Mondoñedo, o día do seu ingreso na Real Academia Galega



Benvidos a Elsinor!

Obriga de coro é escoitar o vento que pasa.


11

Lector ávido, Cunqueiro combinou o gusto pola aventura literaria coa fidelidade aos clásicos. Entre estes tivo especial devoción por Miguel de Cervantes e William Shakespeare. Do primeiro aprendeu a contar en papel e, do segundo, a facelo con “figuras vestidas nunha trabada nun patio”.

Cunqueiro sentiu fascinación polo teatro. As dificultades para representar na época, unidas á súa crenza de que “teatro para ler, eu non o concibo”, fixeron que escribise menos pezas teatrais das que lle gustaría.




A representación de *Don Hamlet* estivo prohibida pola “pretensa immoralidade da obra”, ata que un despistado censor lle deu o visto e praxe pensando que era unha tradución.



Cunqueiro en Elsinor. Tras visitalo, decepcionado, escribiu: “Nada queda que non sexa soñado”



Montaxes teatrais de *Si o vello Sinbad volvese ás illas* e *A noite vai coma un río*



A mediados dos cincuenta comeza a traballar n' *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1958), que será o seu gran proxecto teatral e a obra pola que terá “unha preferencia especial, máis aínda que polo propio *Merlin*”

Cunqueiro incluíu escenas teatrais en moitas das súas novelas, como a peza chinesa publicada en *Si o vello Sinbad volvese ás illas* (ilustración de Xohán Ledo para a primeira edición)



Peza de Cunqueiro publicada na revista *Yunque*




A festa de cada día

Tamén verco rulas, viños doces, rosas e as memorias de neno.



12

No seu tempo, Cunqueiro espaxéixase pola casa mazás e marmelos. O aroma das primeiras acougábao, por ser o “da casa natal nos meus días de infancia”, e o dos segundos, por ser o “da madurez, que é o do outono”. Foi curioso desta relación entre o olfacto, o gusto e a civilización humana, e dedicou milleiros de páxinas a algunhas das esferas onde esta relación se forxa: a comida, a bebida, a medicina e o amor.



“Foi na cociña onde o home puxo máis imaxinación, moita máis ca no amor, ou ca na guerra”.

A cociña galega permitiulle a entrada en moitos fogares, onde divulgou unha versión actualizada da gastronomía galega



“Os viños son o sangue luxoso da civilización cristiá occidental”.



En 1958, Xosé María Castroviejo e mais el publicaron esta xola bibliográfica sobre a cociña e a caza galegas



Fascinado polo amor e os seus costumes, nos anos setenta escribiu artigos eróticos para as revistas Bazaar e Primera Plana



Dende o primeiro encontro coa farmacopea na botica do pai, quedou fascinado pola maxia da curación. Durante anos recolleu noticias sobre o tema e en 1976 publicou Tertulia de boticas prodixiosas

Amigos que nunca esquecen

Existen amistades que non
poden ser razoadas.

13

Unha ollada aos seus poemas e ás primeiras páxinas das súas obras dános unha imaxe dos grandes afectos de Álvaro Cunqueiro. Entre os nomes que alí figuran teñen un lugar principal Francisco Fernández del Riego, Alberto Casal e Emilio Álvarez Blázquez.

Francisco Fernández del Riego e Álvaro Cunqueiro foron grandes amigos e partillaron inqueданzas e proxectos a prol da cultura galega



A vida de Cunqueiro estivo profundamente vencellada a Cataluña, onde tivo grandes amigos, entre os que salienta o xornalista e gastrónomo Néstor Luján (no medio)

Álvaro Cunqueiro con Eduardo Lence Santar e Guitián, que o precedeu como cronista oficial da vila de Mondoñedo



Xosé María Castroviejo e Álvaro Cunqueiro coñecéronse nos anos composteláns e fixéronse amigos nos anos cincuenta, cando percorreron Galicia dando conferencias



Josep Pla e Álvaro Cunqueiro. Malia os tópicos en uso, Cunqueiro cría que "os cataláns son en gran medida uns románticos, que non se atreven a recoñecelo"



O notario Alberto Casal foi un dos seus mellores amigos e grazas a el comezou a colaborar en *Faro de Vigo*



Casal e mais el argallaron escribir un conto co gallo do nacemento de cada un dos seus fillos de Casal, e así fixeron. Cunqueiro escribiu *Daniela y la estrella* (1967), *Historia del ángel Adriel, guardián de la Puerta Sur del Paraíso* (1970) e *Historia de una isla llamada Brenda* (1982)

Somos o que soñamos

E coas mentiras fágome un sorriso de xardín en festas.

14

Cunqueiro, que non cría nas musas, estimaba que “unha das condicións do escritor é a paciencia”. El exerceuna nas longas horas ocupadas en escribir artigos e guías de viaxes. Ademais, cando as obrigas llo permitían, facía poemas e fabulaba historias. Admitiu que “todo o que fixen, fixeno en primeiro lugar... por divertimento de min mesmo”.

Durante anos a súa obra foi considerada evasiva porque as modas literarias esixían dos escritores un compromiso político explícito. Sen deixarse desalentar, agoirou: “Cando saía a literatura da escolástica da angustia e do tremendismo, eu teño para min que serei visto como un dos escritores desta metade do século que tivo nas mans froitos máis frescos e vivos”. Así foi.




Ilustración de José María Prim para *Las mocedades de Ulises* (1960)






Ilustración da primeira edición do *Sinbad* en galego



O *Ulises* foi, canda o *Merlín* e o *Hamlet*, unha das súas obras máis queridas. O que dela dixó ben se podería dicir das súas outras narracións:

“Este libro non é unha novela. É a posíbel parte de ensoños e de asombros dunha longa aprendizaxe –a aprendizaxe do oficio de home–, sen dúbida difícil”.



1968



1972



1974

Para el, as súas personaxes míticas eran “os símbolos máxicos desa relixión que se chama o home”.

Coa súa fiel compañeira, a Smith Premier número 10

Fotografía: José Suárez




“Toda novidade e primavera penden do corazón do home, e é este quen escolle as estacións, as ardentes amizades, as cancións, os camiños, a esposa e a sepultura, e tamén as soidades, os naufraxios e as derrotas”.

Sendo mozo, tomou consciencia da existencia dunha “continuidade galega diferenciada”. Para el era necesario ser fiel a esa continuidade porque “canto máis é un do seu tempo e do seu país, canto máis é un do seu espello e da súa paisaxe, ten entón máis posibilidades de ser verdadeiro”.

Considerou a lingua un dos elementos fundamentais da identidade galega. Tanto é así que afirmou: “Se a miña obra ten un sentido, teno no meu desexo profundo [de] que a nosa lingua continúe, que Galicia siga”. Como escritor profesional foi bilingüe pese a non crer no bilingüismo: a súa “lingua de fondo” era a galega, porén o castelán tíñalle “o sabor de algo propio”.

“Alí estaba a miña terra, a terra da miña vocación e dos meus días, a terra temporal e a eterna, a terra que a miña lingua, a lingua do meu escuro acento labrego, precisaba para existir”.

Fotografía: Magar







Malia estar gravemente enfermo, en 1980 Cunqueiro participa na campaña a prol do Estatuto de Autonomía coa paixón da campaña de 1936.

“É a hora, sen máis, de Galicia; é unha hora agardada polos mellores dos galegos, durante anos e anos”.



Propaganda da campaña do referendo do Estatuto de Galicia, 1980

Cunqueiro foi embaixador oficioso da cultura galega. Ademais de contar de Galicia na súa obra literaria e nos seus artigos, escribiu numerosas guías de viaxes.



O río da vida

Pero eu resucitarei, que soio volven os que recordan, compañeiros.

16

Nos derradeiros anos da súa vida, Cunqueiro foi obxecto de abondosas homenaxes públicas como recoñecemento á súa prodixiosa imaxinación e ao seu compromiso con Galicia. A pesar da ilusión que lle fixeron estas homenaxes, da que gardou mellor lembranza foi da que tivo lugar en Lugo en 1961, cando a súa posición na esfera pública era precaria e necesitaba apoio.

Tras unha longa e dolorosa doenza, Cunqueiro falece o 28 de febreiro de 1981, pouco despois do susto da tentativa de golpe de estado do 23-F. Os seus restos son trasladados a Mondoñedo o 1 de marzo, día de san Rosendo, patrón da vila.



En xaneiro de 1980, Alvaro Cunqueiro, Camilo José Cela e o lingüista alemán Joseph M. Piel recibiron o título de Doutor Honoris Causa pola Universidade de Santiago de Compostela

Durante a "Homenaxe de Galicia" que tivo lugar en Vigo un ano antes da súa morte, Ramón Piñeiro fixolle entrega do primeiro volume das *Obras completas* en galego



Unha escultura de Cunqueiro de Juan Puchades contempla xa por sempre a catedral de Mondoñedo e dende a súa atalaia espera as mil primaveras que han facer renacer Galicia

Entrega do Pedrón de Ouro en 1980



Alvaro Cunqueiro é un dos escritores galegos máis traducidos



